

RESOLUCIÓN DE 23 DE SETEMBRO DE 2016 DA XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA A CORUÑA, DE BAREMACIÓN DEFINITIVA DAS CATEGORÍAS DE XESTIÓN E SERVIZOS E SANITARIOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL, NO PROCEDIMENTO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA, NO ÁMBITO DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO A CORUÑA, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DE 16 DE MARZO DE 2016.

Mediante a Resolución da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña de data 16 de marzo de 2016 (DOG nº 61 do 31 de marzo) convocouse procedemento de mobilidade voluntaria interna para o persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e de xestión e servizos no ámbito do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña.

Despois da publicación da resolución provisional de baremación, das categorías de xestión e servizos e sanitarios de formación profesional, con datas 17 e 29 de xuño de 2016, e unha vez rematado o prazo de reclamacións establecido na convocatoria, esta Xerencia de Xestión Integrada,

RESOLVE:

Primeiro: Publicar as puntuacións definitivas de baremación, no devandito procedemento de mobilidade voluntaria interna, correspondentes ás seguintes categorías:

- Persoal de xestión e servizos: Celador/a, Cociñeiro/a, Grupo auxiliar da función administrativa, Grupo administrativo da función administrativa, Agrupacións profesionais (Lavandeiro/a, Pasador/a de ferro), Pinche.
- Persoal sanitario de formación profesional: Técnico en coidados auxiliares de enfermería, Técnico superior de laboratorio de diagnóstico clínico e Técnico superior en imaxe para o diagnóstico.

A estimación ou desestimación das reclamacións presentadas, segundo o caso, enténdense implícitas coa publicación desta resolución.

Segundo: Darlle publicidade ás listaxes definitivas de baremación das categorías relacionadas, a través do taboleiro de anuncios da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña /páxina Web do ESPAZO DO PROFESIONAL.

A baremación definitiva tamén será visible no Fides/Expedient-e, no apartado de Procesos-Mobilidade voluntaria interna, de cada aspirante, agás por motivos técnicos para as categorías englobadas nas Agrupacións profesionais.

Xerencia de Xestión Integrada



Terceiro: Convocar aos aspirantes das categorías relacionadas no apartado primeiro aos distintos actos de elección de prazas.

Os aspirantes serán chamados por rigorosa orde de puntuación a un acto por cada categoría, para escoller entre as prazas ofertadas que queden vacantes no momento no que deban exercer o seu dereito de opción, segundo o seguinte calendario:


CATEGORÍA PROFESIONAL	DÍA	HORA
GRUPO ADMINISTRATIVO DA FUNCIÓN ADMINISTRATIVA	LUNS, 17 OUTUBRO	16 HORAS
GRUPO AUXILIAR DA FUNCIÓN ADMINISTRATIVA	LUNS, 17 OUTUBRO	16:30 HORAS
TÉCNICO/A SUPERIOR EN IMAXE PARA O DIAGNÓSTICO (TER)	MARTES, 18 OUTUBRO	16 HORAS
TÉCNICO/A SUPERIOR EN LABORATORIO DE DIAGNÓSTICO CLÍNICO (TEL)	MARTES, 18 OUTUBRO	16:30 HORAS
TÉCNICO/A EN COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMARÍA (Do nº 1 ao 105)	MARTES, 18 OUTUBRO	17 HORAS
TÉCNICO/A EN COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMARÍA (Do nº 106 ao 210)	MARTES, 18 OUTUBRO	18:30 HORAS
COCIÑEIRO/A	MÉRCORES, 19 OUTUBRO	16 HORAS
LAVANDEIRO/A E PASADOR/A DE FERRO	MÉRCORES, 19 OUTUBRO	16:15 HORAS
PINCHE	MÉRCORES, 19 OUTUBRO	16:30 HORAS
CELADOR/A	XOVES, 20 OUTUBRO	16 HORAS

Lugar: Salón de actos do 4º andar do Hospital A Coruña

Cando exista imposibilidade de acudir ao acto de elección, poderase subscribir un apoderamento, no que asinará a persoa que elixe praza e a persoa apoderada, achegando fotocopia do DNI. Dito apoderamento solicitarase no Espazo do profesional da Dirección de RR.HH.

No acto de elección é necesario a identificación mediante DNI. Os profesionais asinarán, no propio acto, o documento acreditativo da súa elección.

Xerencia de Xestión Integrada



Cuarto: Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a súa publicación, conforme aos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A Coruña, 23 de setembro de 2016

O Xerente de Xestión Integrada

Asdo.: Francisco José Vilanova Fraga



Xerencia de Xestión Integrada

www.galiciasaude.es
Tel. 981 178 000
Xubias de Arriba, 84
15006 A Coruña